

ESTATUTOS

CAPITULO I

DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO E ÁMBITO

Artigo 1

Coa denominación: **DRAMATURGA Asociación Galega de Dramaturxia** constitúese unha ASOCIACIÓN ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, e normas complementarias, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Artigo 2

Esta Asociación constitúese por tempo indefinido.

Artigo 3

A existencia desta Asociación ten como **fins fundamentais**:

- Ser representativa dos intereses dos dramaturgos e dramaturgas en lingua galega dentro do eido das artes escénicas.
- Fomentar a dramaturxia en galego dentro e fóra de Galicia.
- Mellorar as condicións laborais das e dos profesionais do sector.
- Garantir que no ámbito da dramaturxia galega, a igualdade entre homes e mulleres sexa real e efectiva, impedindo calquera situación de discriminación profesional.

Artigo 4

Para o cumprimento destes fins realizaranse as seguintes **actividades**:

- Visibilizar a dramaturxia galega a través dun Catálogo on line de Autores e Autoras de Teatro.
- Promover cursos de formación, así como espazos de encontro e debate.
- Servir de interlocutora cos diferentes axentes políticos, sociais e culturais.
- Promover a edición de pezas teatrais en galego.
- Servir de foro de contacto entre os profesionais da dramaturxia e o resto de sectores das artes escénicas.
- Procurar fórmulas para incentivar a posta en escena da dramaturxia en galego.
- Potenciar a tradución de obras para a súa difusión exterior.
- Cooperar cos lectorados de galego de cara á internacionalización e ao fomento da dramaturxia galega no exterior.
- Poñer en valor a contribución da dramaturxia galega á construción do teatro galego.

Artigo 5

Defender o dereito á non discriminación e garantir os dereitos fundamentais e liberdades públicas concretadas no dereito á igualdade e non discriminación por razón de sexo prevista na Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Polo que tanto no réxime interno como no funcionamento da asociación, non se

poderá establecer nin practicar discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo ou orientación sexual, opinión, etc.

Artigo 6

A Asociación establece o seu domicilio social en: R/ Teo, no 31-1o , concello de Santiago de Compostela, Provincia A Coruña, CP. 15704 e o seu ámbito territorial no que vai realizar principalmente as súas actividades é todo o territorio do Estado español.

CAPITULO II ÓRGANO DE REPRESENTACIÓN

Artigo 7

A Asociación será xestionada e representada por unha Xunta Directiva formada por: un Presidente/a, un Vicepresidente/a, un Secretario/a, un tesoureiro/a e 3 vogais. Só poderán formar parte da Xunta Directiva os/as asociados/as. Para ser membros da Xunta Directiva é necesario ser maior de idade, estar en pleno uso dos dereitos civís e non estar incurso nos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente (art. 11.4.O 1/2002).

No entanto, estes cargos só teñen un carácter simbólico xa que a Asociación funcionará de xeito horizontal a través de comisións de traballo.

Todos os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos. Estes serán designados e revogados pola Asemblea Xeral e o seu mandato terá unha duración de 2 anos cun máximo de dúas reeleccións.

Artigo 8

Estes poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, por incumprimento das obrigacións que tivesen encomendadas e por expiración do mandato.

Artigo 9

Os membros da Xunta Directiva que esgotasen o prazo para o cal foron elixidos, continuarán ostentando os seus cargos até o momento en que se produza a aceptación dos que os substitúan.

Artigo 10

A Xunta Directiva reunirse tantas veces o determine o seu Presidente/a e a iniciativa ou petición de 1 dos seus membros. Quedará constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos.

Artigo 11

Facultades da Xunta Directiva.

As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral a todos os actos propios das finalidades da Asociación, sempre que non requiran, segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

Son facultades particulares da Xunta Directiva:

- a) Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.
- b) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- c) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral os balances e as contas anuais. d) Resolver sobre a admisión de novos asociados.

- e) Nomear delegados para algunha determinada actividade da Asociación.
- f) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral de socios e socias.

Artigo 12

O Presidente/a terá as seguintes atribucións: representar legalmente á Asociación ante toda clase de organismos públicos ou privados; convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, así como dirixir as deliberacións dunha e outra; ordenar pagos e autorizar coa súa firma os documentos, actas e correspondencia; adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle ou no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.

Artigo 13

O Vicepresidente/a substituirá ao Presidente/a en ausencia deste, motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e terá as mesmas atribucións que el/ela.

Artigo 14

O Secretario/a terá a cargo a dirección dos traballos puramente administrativos da Asociación, expedirá certificacións, levará os libros da Asociación legalmente establecidos e o ficheiro de asociados, e custodiará a documentación da entidade, facendo que se cursen ás comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribibles aos Rexistros correspondentes, así como o cumprimento das obrigacións documentais nos termos que legalmente correspondan.

Artigo 15

O Tesoureiro/a recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación e dará cumprimento ás ordes de pago que expida o Presidente/a.

Artigo 16

Os/as Vogais terán as obrigacións propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva, e así como as que nazan das delegacións ou comisións de traballo que a propia Xunta lles encomende.

Artigo 17

As vacantes que se puidesen producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisionalmente entre os devanditos membros até a elección definitiva pola Asemblea Xeral convocada ao efecto.

CAPITULO III ASEMBLEA XERAL

Artigo 18

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación e estará integrada por todos os asociados e asociadas.

Artigo 19

As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. A ordinaria celebrarase unha vez ao ano dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio; as extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen ou cando a Xunta Directiva o acorde ou cando o propoña por escrito unha décima parte dos/as asociados/as.

Artigo 20

As convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse por escrito expresando o lugar, día e hora da reunión así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos a tratar. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da

Asemblea en primeira convocatoria haberán de mediar polo menos quince días, podendo así mesmo facerse constar se procedese a data e hora en que se reunirá a Asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a unha hora.

Artigo 21

As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela un terzo dos asociados con dereito a voto, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asociados con dereito a voto.

Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos nulos, en branco, nin as abstencións.

Será necesario maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

- a) Disolución da entidade
- b) Modificación de Estatutos, incluído o cambio de domicilio social
- c) Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado.

Artigo 22

Son **facultades** da Asemblea Xeral:

- a) Aprobar a xestión da Xunta Directiva
- b) Examinar e aprobar as Contas anuais
- c) Elixir os membros da Xunta Directiva
- d) Establecer as comisións de traballo que alicerzan o funcionamento da asociación
- e) Fixar as cotas ordinarias ou extraordinarias.
- f) Disolución da asociación
- g) Modificación dos Estatutos, incluído o cambio de domicilio social
- h) Disposición ou alleamento dos bens
- i) Calquera outra que non sexa competencia atribuída a outro órgano social.

Artigo 23

Requiren acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada ao efecto:

- a) Modificación dos Estatutos, incluído o cambio de domicilio social
- b) Disolución da Asociación.

CAPITULO IV **SOCIOS/AS**

Artigo 24

Poderán pertencer á Asociación aquelas persoas con capacidade de obrar que teñan interese no desenvolvemento dos fins da Asociación. Poderán ser socias as persoas con algunha obra teatral estreada, premiada ou publicada en lingua galega en calquera das normativas existentes, sexan oficiais ou non, así como as que acrediten unha titulación en Dramaturxia.

Artigo 25

Os socios/as causarán baixa por algunha das causas seguintes:

- a) Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva
- b) Por incumprimento dalgún dos artigos recollidos nestes estatutos
- c) A Xunta Directiva valorará os casos concretos polo incumprimento de obrigas económicas.

Artigo 26

Os socios/as terán os seguintes **dereitos**:

- a) Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos seus fins.
- b) Gozar de todas as vantaxes e beneficios que a Asociación poida obter.
- c) Participar nas Asembleas con voz e voto
- d) Ser electores e elixibles para os cargos directivos.
- e) Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación
- f) Facer suxestións aos membros da Xunta Directiva en orde ao mellor cumprimento dos fins da Asociación
- g) Percibir a remuneración polos gastos de representación nas reunións ou encontros que se convoquen.

Artigo 27.

Os socios/as fundadores e de número terán as seguintes **obrigas**:

- a) Cumprir os presentes Estatutos e os acordos válidos das Asembleas e a Xunta Directiva
- b) Abonar as cotas que se fixen
- c) Asistir ás Asembleas e demais actos que se organicen
- d) Desempeñar, no seu caso, as obrigas inherentes as comisións nas que participen.

Artigo 28

Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- a) As cotas de socios/as, periódicas ou extraordinarias
- b) As subvencións, legados ou herdanzas que puidese recibir de forma legal por parte dos asociados ou de terceiras persoas
- c) Calquera outro recurso lícito.

Artigo 29

A Asociación no momento da súa constitución carece de Fondo social. Artigo 30. O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o **15 de Decembro** de cada ano.

CAPITULO V DISOLUCIÓN

Artigo 31

Disolverase voluntariamente cando así o acorde a Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada ao efecto, con arranxo ao disposto no artigo 21 dos presentes Estatutos.

Artigo 32

En caso de disolución, nomearase unha comisión liquidadora a cal, unha vez extinguidas as débedas, e se existise sobranse líquido, destinarao para fins que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e as disposicións complementarias.

En Ourense, a 3 de Outubro de 2015